



Concello de Vigo
Secretaría Xeral-Pleno

JOSE VILLÁN FUERTES, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día **29 de xullo de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

2. RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE PARA ACTIVIDADE PRIVADA A PERSOAL MUNICIPAL EN RÉXIME DE INTERINIDADE. EXPTE. 44694/220 (EXPTE. PLENO 4509/1101).

A proposta de data vinte e cinco de xuño (25/06/24) do expediente 44694/220 foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data vinte e dous de xullo de 2024 (22/07/24)

Sen debate e sometido directamente o asunto a

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos (23) a favor, dezoito votos (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta a seguinte,

"PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de compatibilidade presentada por D^a S. RODRÍGUEZ PRIETO, con nº de persoal 80638 e DNI núm.:***7120**, nomeada como funcionaria interina municipal con praza e posto de ordenanza porteiro/a (Agrupación profesional, Grupo E), co traballo no sector privado a tempo parcial como axudante camareira (Convenio colectivo Hostelería), en xornada de tres horas semanais durante as fins de semana, na empresa "Corbatas Vigo SL", CIF B-*****31, perdendo o seu efecto esta autorización no suposto en se modifiquen algunha das circunstancias actuais declaradas.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ambos dous postos nos límites reseñados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 11:02	Páxina 1 de 2
44694-220	CSV: A7AF5D-49A484-AAC3D7-RPAFKS-MTX1HT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada indicándoselle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.

sc

Vº e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/08/2024 11:02	Páxina 2 de 2
44694-220	CSV: A7AF5D-49A484-AAC3D7-RPAFKS-MTX1HT-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		